

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Bases proceso selectivo unha praza de arquitecto/a técnico/a en quenda libre

ANUNCIO

PROCESO DE SELECCIÓN PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (OEP 2020)

Por Resolución da Concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, recursos Humanos e Estatística de data 28/11/2023, acórdase aprobar as bases que de seguido se transcriben:

“BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO POR QUENDA LIBRE, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICO-MEDIO, OEP 2020, BOP A CORUÑA 29/12/2020.

Por Resolución da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, de data 18 de decembro de 2020, pola que se aproba a oferta de emprego público do exercicio 2020, resolveuse autorizar a convocatoria e a posterior redacción das seguintes bases:

Primeira.-Número, denominación e características.

É obxecto da presente convocatoria a cobertura en propiedade, polo sistema de oposición libre, dunha praza de Arquitecto Técnico, encadrada na escala da Administración Especial, Subescala Técnica, clase media, pertencente ao grupo de clasificación A, subgrupo A2, vacante no Cadro de persoal deste Concello e correspondente á oferta de emprego público do ano 2020.

As retribucións serán as correspondentes ao grupo de clasificación de funcionarios, grupo A, subgrupo A2, e as retribucións complementarias previstas na Relación de Postos de Traballo deste Concello.

POSTO	TIPO	GRUPO/ SUBGRUPO	CORPO/ESCALA	C.D.	C.E. €/mes	OBSERVACIÓNS
ARQUITECTO/A TÉCNICO	F	A/A2	AE	24	742,09	2*

(*) 2.- Este persoal prestará servizo en réxime de especial dedicación, realizando unha xornada de traballo de 40 horas semanais, sen prexuízo dos incrementos horarios que ocasionalmente sexan precisos por necesidades do servizo, ademais de ter dispoñibilidade para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual do mesmo.

Segunda.- Funcións da praza.

As funcións propias do posto obxecto da convocatoria, son as seguintes:

- 1.- Realización de funcións técnicas para as que o habilite o título profesional requirido para o posto.
- 2.- Redacción de proxectos das obras municipais que se lle encarguen dentro da súa competencia.
- 3.- Emisión de informes para licenzas de obra, comunicacións previas e actividades.
- 4.- Funcións de proposta, inspección, control, planificación, execución, preparación de normativa e outras semellantes.
- 5.- Control, seguimento e impulso dos expedientes da unidade, así como elaboración do informe técnico que se precise.
- 6.- Emisión de informes en propostas de ordenanzas, propostas de resolución de expedientes, pregos de condicións, memorias e proxectos, liquidacións de gastos para a adquisición de bens ou servizos e outras análogas ou referendar as propostas que se inicien en órganos adscritos a unidade.
- 7.- Inspección e seguimento dos servizos concesionados ou contratados a empresas no ámbito da súa competencia.
- 8.- Elaboración de documentos de planificación e proxectos de urbanización.

- 9.- Labores de inspección, asesoramento e control en obra pública.
- 10.- Dirección de obras municipais.
- 11.- Informar, atender e despachar co público en relación coas materias do seu ámbito competencial.
- 12.- Levar a cabo as xestións necesarias para resolver as cuestións que se lle prantexen ou encarguen no seu ámbito competencial, empregando o medio procedente e mais áxil en cada caso.
- 13.- Coordinación da seguridade e da saúde.
- 14.- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1.- Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión europea nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.
- 2.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán facelo constar na instancia, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas.
- 4.- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera Administración pública do Estado, comunidade autónoma ou entidade local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- 5.- Estar en posesión do título, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias, de arquitecto técnico/a, grao universitario de arquitecto técnico/a ou titulación equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico/a. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.
- 6.- Non incurrir en ningunha incompatibilidade de acordo co disposto na ley Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

Cuarta.- Presentación de instancias

A instancias na que se solicita tomar parte no proceso selectivo dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol e presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

As persoas aspirantes coa súa solicitude os seguintes documentos:

- Copia do DNI.
- Copia das titulacións requiridas para o acceso ao posto.
- Copia do Celga IV, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego.
- Xustificante de pago das taxas de participación ou no seu caso certificado do Servicio de Empleo Público Estatal, de estar en situación de desemprego, aos efectos de exoneración da taxa.

As persoas aspirantes con discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, podendo solicitar a adaptación de tempo e medios que necesiten para realización das probas nos termos previstos na Orden PRE/1822/2006 do 9 de xuño, publicada no Boletín Oficial do Estado do 13 de xuño de 2006.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os e as aspirantes aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Quinta.-Dereitos de exame.

Os/as aspirantes deberán ingresar a cantidade que establece a Ordenanza Fiscal número 28 reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal. (A carta de pagamento pode obterse ou ben no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Ferrol ou telematicamente na páxina web do concello: www.ferrol.gal coa seguinte ruta:

(sede electrónica/oficina virtual tributaria/acceso á oficina virtual tributaria/trámites sencertificado/autoliquidacións/taxas/conceptoaliquida:seleccióndepersoalsubconcepto:grupo A2). A cantidade a aboar é de 40,33 euros.

Quedan exonerados do seu aboamento aqueles/as aspirantes que acrediten, mediante certificado expedido polo Servizo Público de Emprego Estatal de estar en situación de desemprego.

As taxas só serán devoltas no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo por causas non imputables a el/ela.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Sexta.- Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal(www.ferrol.gal), declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e o prazo de subsanación dos defectos advertidos, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos/as.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, resolvendo as reclamacións, e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal. No listado definitivo de admitidos designarase o tribunal cualificador e sinalarase o lugar, data e hora de incio das probas. Dende a conclusión dunha proba ata o comenzo da seguinte deberá transcurrir un mínimo de 72 horas e un máximo de 45 días hábiles salvo que por causa xustificada sexa preciso aumentar este prazo.

Sétima.- Tribunal cualificador.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos.

O tribunal cualificador está constituído do seguinte xeito:

Presidente: un/unha funcionario/a de calquera Administración pública pertencente ó grupo A, subgrupo A1/A2.

Secretario: o secretario xeral do Concello ou quen legalmente o substitúa.

Vocais: catro funcionarios/as dos cales dous/dúas serán arquitectos/as técnicos encadrados en postos do grupo A, subgrupos A1/A2. Os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

En todo caso a constitución do tribunal cualificador deberá respectar o establecido no artigo 60 da Lei 5/2015, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. O seu funcionamento rexerese polo disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, e notificaranllo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da ley 40/2015 ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias segundo dispón o artigo 24 da ley 40/2015.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

Se a causa dunha situación debidamente acreditada de embarazo de risco ou de parto algunha das aspirantes non puidere completar o proceso selectivo, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que tiveran quedado aprazadas.

A realización destas probas non poderá conlevar unha demora que menoscabe o dereito do resto dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorada polo tribunal. En todo caso, a realización das probas pendentes terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Poderán asistir como observadores (sen voz e sen voto) un membro por cada organización sindical con representación no concello de Ferrol (asistencia a título individual).

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría que corresponda segundo o disposto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ás súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes; estas limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidade técnicas.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

O Tribunal adoptará as medidas que considere oportunas para velar polo anonimato dos aspirantes durante a corrección das probas.

Oitava.-Probas selectivas

1.- A oposición constará de catro exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio:

Primeiro exercicio: consistirá na resolución dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 140 minutos, de 100 preguntas, máis 5 preguntas de reserva, con catro alternativas por resposta, das que só unha delas é a correcta, que versarán sobre o contido total do temario que se anexa á convocatoria. O contido da dita proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

O exercicio será cualificado de 0 a 50 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 25 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden a devandita puntuación mínima serán eliminadas do proceso. As respostas acertadas puntuarán 0,5 puntos, as incorrectas descontarán 0,2 puntos e as respostas en branco non descontarán puntuación.

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán solicitar copia do exercicio e proporcionárselles copia da súa folla de respostas.

No prazo de dous días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

Segundo exercicio:

Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de dúas horas, varias preguntas curtas nas que se plantearán por parte do tribunal cuestións relacionadas coas materias comprendidas na parte específica. O contido da proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización da mesma. En todo caso, o tribunal valorará os coñecementos, a exposición da normativa aplicable ao caso concreto e a explicación razoada da mesma ao suposto concreto.

Esta proba será cualificada de 0 a 50 puntos sendo preciso acadar 25 puntos para superala.

Terceiro exercicio:

Desenvolverase por escrito, no tempo máximo de tres horas, e consistirá na resolución dun suposto práctico que propoñerá o Tribunal. O suposto versará sobre as materias específicas que figuran no temario. O contido da proba será determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización da mesma.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos.

A proba valorarase de 0 a 50 puntos e será preciso acadar 25 puntos para superala.

Cuarto exercicio:

Os/as aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valoraranse os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. A calificación desta proba será a de "apto" ou "non apto".

O tribunal contará co asesoramento do departamento de normalización lingüística do Concello de Ferrol para a elaboración desta proba.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor do/da aspirante que obtivera a maior puntuación no terceiro exercicio, de persistir o empate a favor do/da aspirante ca maior puntuación no segundo exercicio, e por último en favor do que obtivese maior puntuación no primeiro exercicio. En último caso desfarase o empate por sorteo.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Segundo a RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia do 26 de xaneiro, a orde de actuación dos aspirantes comezará por aqueles que teñen un primeiro apelido que comence pola letra V.

Novena.- Resultados da selección.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web municipal (www.ferrol.gal) a relación de puntuacións outorgadas, e elevará á Alcaldía proposta de nomeamento a favor do/da aspirante posuidor da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal efectuará unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza.

Coa relación complementaria que determine o Tribunal, procederase á formación dunha bolsa de emprego por orde decrecente da puntuación total final, que permita cubrir calquera das situacións contempladas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba a lei do estatuto básico do empregado público.

Décima.- Presentación de documentación.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de dez (10) días hábiles contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria:

- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se a persoa aspirante proposta tivera a condición de funcionario/a público, estará exenta de xustificar documentamente as condicións ou requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo, en tal caso, presentar certificado da Administración/organismo do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa follada de servizos. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentara a documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Décimo Primeira.- Nomeamento.

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía nomeará funcionario/a de carreira á persoa aspirante proposta polo Tribunal Cualificador, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente. O nomeamento será publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O/a nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de trinta días naturais seguintes á publicación do seu nomeamento no BOP, e virá obrigado a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable. Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Décimo Segunda.- Normas finais.

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de

selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria)

En Ferrol, a Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dona _____
con DNI _____ e enderezo en _____
Concello _____ Provincia _____
e número de teléfono _____,

SOLICITO:

1.- Participar no proceso selectivo para a provisión en propiedade de UNHA praza de Arquitecto Técnico (Grupo A, Subgrupo A2) convocada polo Concello de Ferrol mediante quenda de promoción interna no BOE de data _____

2.- Achego a seguinte documentación:

2.1.- Fotocopia do DNI

2.2.- Fotocopia da titulación esixida.

2.3.- Fotocopia do Celga IV ou equivalente ós efectos de ser declarado exento da realización do terceiro exercicio da oposición.

3.- Solicito realizar os exercicios da oposición no idioma:

___ Galego ___ Castelán.

4.- ___ Acredito discapacidade e solicito a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ó emprego público das persoas con discapacidade nos termos previstos na Orden PRE/1822/2006 do 9 de xuño, (BOE do 13/06/2006).

En Ferrol, a _____ de _____ de 20____

Sinatura:

ANEXO II.- TEMARIO**Parte Xeral.**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais: composición e funcións. O Goberno: composición e funcións. Relación entre o Goberno e as Cortes Xerais.

TEMA 2.- A organización territorial do Estado Español. As Comunidades Autónomas: Fundamento constitucional. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido básico. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente.

TEMA 3.- A Administración local: regulación constitucional. A Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local: Disposicións xerais. O Municipio: concepto e elementos.

TEMA 4.- Competencias e servizos municipais. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

TEMA 5.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Termos e prazos.

TEMA 6.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Os actos administrativos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 7.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo. Iniciación, ordenación, instrución e finalización. Execución. Revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 8.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas. Os convenios. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. O funcionamento electrónico do sector público.

TEMA 9.- O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réxime de organización dos municipios de gran poboación.

TEMA 10.- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Obxecto e ámbito de aplicación. Delimitación dos tipos contractuais. Partes do contrato: Órgano de contratación. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, precio e a súa revisión.

TEMA 11.- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: preparación, adxudicación, formalización, execución, modificación e extinción. Competencia e normas específicas de contratación nas entidades locais.

TEMA 12.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. O contrato de obras. O contrato de servizos. O contrato de suministro.

TEMA 13.- 27. A lei 31/1995 de prevención de riscos laborais: obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Consulta e participación dos traballadores.

TEMA 14.- A lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. O principio de igualdade no emprego público. Decreto 2/2015 da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

TEMA 15.- A lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

Parte Específica.

TEMA 1.- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana. Obxecto, disposicións xerais e condicións básicas de dereitos e deberes. Réxime do solo, regras procedimentais comúns e normas civís.

TEMA 2.- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.

TEMA 3.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Principios xerais. Competencias e organización administrativa.

TEMA 4.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Réxime urbanístico do solo. Clasificación do solo. Solo Urbano: requisitos; categorías; soares; dereitos e deberes dos propietarios; aproveitamento urbanístico.

TEMA 5.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento Núcleos rurais: delimitación e réxime; condicións de uso.

TEMA 6.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Solo urbanizable: réxime; deberes dos propietarios; aproveitamento urbanístico.

TEMA 7.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Solo rústico: réxime; condicións de uso; procedemento para o outorgamento de autorizacións en solo rústico; condicións de edificación. Edificacións tradicionais.

TEMA 8.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Planeamento urbanístico: Disposicións xerais. Plan básico autonómico. Plan xeral de ordenación municipal.

TEMA 9.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Planeamento urbanístico: Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal.

TEMA 10.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Normas de aplicación directa.

TEMA 11.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Execución do planeamento urbanístico.

TEMA 12.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Patrimonios públicos do solo.

TEMA 13.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.

TEMA 14.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Títulos habilitantes de natureza urbanística.

TEMA 15.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Parcelacións.

TEMA 16.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o seu desenvolvemento. Disciplina urbanística.

TEMA 17.- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ferrol. Planeamento urbanístico. Convenios urbanísticos. Actuacións urbanísticas en execución. Ordenanzas fiscais. Plan Especial do Barrio da Madalena e Plan Especial de Ferrol Vello.

TEMA 18.- A Lei 1/2021, do 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

TEMA 19.- A Lei 7/2008, do 07 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

TEMA 20.- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.

TEMA 21.- Lei 4/2023 do 6 de xullo de ordeación e xestión integrada do litoral de Galicia.

TEMA 22.- As actividades na Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

TEMA 23.- O Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

TEMA 24.- A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas en Galicia.

TEMA 25.- A Lei 38/1999 de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías. Disposicións relacionadas coa edificación, redacción de proxectos e dirección de obras.

TEMA 26.- O Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

TEMA 27.- O Código Técnico da Edificación (Real Decreto 314/2006). Parte I. Introducción dos documentos básicos: DB-SE, DB-HE, DB-HR, DB-HS.

TEMA 28.- O Documento básico DB SUA. Seguridade de utilización na edificación.

TEMA 29.- O Documento básico DB SI. Seguridade en caso de incendios na edificación.

TEMA 30.- O Decreto 29/2010, do 04 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

TEMA 31.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras. A Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia e do Decreto 35/2000. Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

TEMA 32.- O Real Decreto 105/2008. Produción e xestión dos residuos da construción e derrubamento. Concepto. Obrigas do produtor de residuos de construción e derrubamento.

TEMA 33.- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

TEMA 34.- Real Decreto 2267/2004, do 03 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

TEMA 35.- A Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa. Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

TEMA 36.- A protección do medio ambiente. Lexislación comunitaria, estatal e autonómica. A Lei 21/2013 de avaliación ambiental. A avaliación ambiental de plans e proxectos. A avaliación da incidencia ambiental.

TEMA 37.- A Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

TEMA 38.- A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. O Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

TEMA 39.- O Real Decreto Legislativo 1/2001, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 04 de novembro, de augas de Galicia.

TEMA 40.- A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Decreto 61/2021, do 08 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.

TEMA 41.- A certificación enerxética. Real Decreto 390/2021, do 01 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.

TEMA 42.- A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Título I, da vivenda en xeral.

TEMA 43.- A Lei 5/2019, do 02 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

TEMA 44.- Lexislación de Costas e Portos: estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

TEMA 45.- A valoración administrativa do solo e das construcións. Valoración do solo. Aplicación de criterios da lexislación estatal sobre réxime de solo e valoracións. Valor equitativo na expropiación forzosa. O prezo xusto. Valoración das construcións: métodos de valoración. A taxación conxunta.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 29 de novembro de 2023

A concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística (resolución da Alcaldía presidencia de data 19/06/2023 BOP 27/06/2023)

Susana María Sanjurjo Fraga

2023/9468